

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****PORTOS DE GALICIA**

*CÉDULA do 14 de marzo de 2022 pola que se notifica a resolución de procedemento para a declaración de abandono da embarcación Andaluz varada na explanada de depósitos do porto de Tragove (Cambados).*

De conformidade co disposto nos artigos 44 e 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236, do 2 de outubro), notifícaselle a Ahmed Mohamed Salem Chej, mediante a publicación no *Boletín Oficial del Estado*, a Resolución do 12 de xaneiro de 2022, da Presidencia da entidade pública Portos de Galicia, que declara en situación de abandono a embarcación *Andaluz*, con folio 4ª-VILL-4-87-91, varada na explanada de depósitos do porto de Tragove (Cambados), por non ser posible a notificación no domicilio.

Así mesmo, este anuncio publicárase no *Diario Oficial de Galicia*, ben que a eficacia do acto notificado quedará supeditada á súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

A resolución emítese por atoparse a embarcación varada na explanada de depósitos do porto de Tragove sen actividade nin mantemento ningún e sen aboar as taxas pendentes desde setembro de 2021, data esa en que foi trasladada á dita explanada desde o porto de Meloxo tras informar a Capitanía Marítima de Vilagarcía de Arousa sobre o alto risco de afundimento, con base no establecido no artigo 128 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia (DOG nº 236, do 14 de decembro), e unha vez que non existe constancia da presentación de alegacións contra o acordo de iniciación do procedemento.

De acordo coa normativa que se cita, e a través dos medios previstos na Lei 5/2011, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 203, do 24 de outubro), Portos de Galicia vai proceder á venda do buque, e de resultar esta fallida, ao seu despezamento e traslado a vertedoiro autorizado.

Todos os custos de tramitación ou que xeren as actuacións que se van realizar sobre o buque en función do que resulte do exame sobre o seu estado e da súa peritación serán por conta do propietario.



A presidenta de Portos de Galicia emite esta resolución, en virtude das competencias conferidas polo artigo 12.3, alíneas a) e l), da Lei 6/2017, de portos de Galicia.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa e é executiva, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, nun prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela que corresponda.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2022

Susana Lenguas Gil  
Presidenta de Portos de Galicia

